



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA QUINCE DE OUTUBRO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día quince de outubro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación previa de don José Luís García Cernadas. (Expediente 2015/U026/000003)

Dáse conta do expediente número 2015/U026/000003 de comunicación previa presentada por don José Luís García Cernadas para construción de cerre, de aproximadamente 170 metros de lonxitude, con base de pedra, postes e arame na fronte, e base de bloques, postes e arame no resto, cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e dous euros con oitenta céntimos (#152,80#).

2.2.- Comunicación previa de dona María Reyes Leis Rodríguez. (Expediente 2015/U017/000045)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000045 de comunicación previa presentada por dona María Reyes Leis Rodríguez para rehabilitación de vivenda, situada en Laraño nº 51 -San Xián de Sales, consistente en apertura de oco para fiestra, cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).



2.3.- Comunicación previa de dona Ofelia Santos Bahamonde. (Expediente 2015/U017/000049)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000049 de comunicación previa presentada por dona Ofelia Santos Bahamonde para construción dun cerre perimetral, de aproximadamente 139 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Tomonde -Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e catro euros con noventa e tres céntimos (#124,93#).

2.4.- Instancia núm. 201500000000970 de don José Rodríguez García. (Expediente 2015/U009/000002)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para obras de colocación de tubos e malla sobre muro de chacotas (Expediente núm.: 2015/U009/000002), no lugar de A Ferreira, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000701200NH43G.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A Altura máxima total do cerramento será de 1,80 metros.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

3º.- Aprobación inicial, se procede, do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4, Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao-Ponte Ulla)

Vista a proposta presentada por don Manuel Louzao Rivadulla e examinada a documentación que achega, en relación coa aprobación do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal.

Visto o informe de Secretaría de data 18 de novembro de 2013, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, así como o informe dos Servizos Técnicos Municipais emitido en relación co proxecto de plan especial presentado.

Vista a decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non sometemento do mencionado plan á Avaliación Ambiental Estratéxica, de data do 19 de decembro de 2014.

Téndose solicitados os informes sectoriais previos á aprobación inicial.

Considerando canto antecede e de conformidade co artigo 86.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e co artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local,



A Xunta de Goberno acorda:

PRIMERO. Aprobar inicialmente o *Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano* (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e nos xornais “La Voz de Galicia” e “El Correo Gallego”. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

TERCEIRO. Suspende o outorgamento de licenzas no ámbito obxecto do expediente cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

A duración da suspensión será de dous anos e extinguirase coa aprobación definitiva do Plan.

CUARTO. Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares que figuren no catastro.

QUINTO. Solicitar os informes sectoriais cuxa solicitude deba realizarse despois da aprobación inicial. Estes informes deberán emitirse no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial estableza outro prazo.

4º.- Certificacións de obras.

4.1.- Certificación núm. 3 e final da obra de *Acondicionamento de camiños en San Xián, San Mamede, Trobe e Vedra (código 15.2100.0225.0)*.

Dáse conta da certificación núm. 3 e final da obra de *Acondicionamento de camiños en San Xián, San Mamede, Trobe e Vedra (código 15.2100.0225.0)*, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2015), e da factura núm. EO0178/15 da empresa adxudicataria, Obras y Viales de Galicia, S.L (OVIGA) por importe de once mil oitocentos cincuenta euros con setenta e catro céntimos (#11.850,74#)

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura.

5º.- Acordo, se procede, sobre autorización continuación contrato de prestación do servizo de Xestión de instalacións e actividades do Pavillón Municipal de Vedra á empresa Acofide 2000 Xestión, S.L.

Dáse conta do escrito núm. 1320/15 presentado por don Ismael García Vázquez, en calidade de administrador único de Acofide 2000 Xestión, S.L, no que expón que a citada empresa absorbeu todos os dereitos e obrigas da empresa Grupo Acofide, S.C, concesionaria do servizo de Xestión das instalacións e actividades do Pavillón Municipal de Vedra e máis da xestión do ximnasio, presentando os correspondentes avais.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno, estudado o asunto, e de acordo co establecido no artigo 270.6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, acorda autorizar a continuación dos citados contratos coa empresa Acofide 2000 Xestión, S.L, con NIF B70460381 e domicilio en Nande nº 22 -San Fins de Sales (Vedra).

6º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
40	30/08/2015	323,67	Xardíns Reboredo - Ana Mª Cobas Fernández	Traballos de rozadura feitos no campo da festa de Tomonde e nos arredores do antigo xulgado Vedra, centros saúde e casa do Concello
AG6242	24/09/2015	152,01	Staples Productos de Oficina, S.L.U. (Kalamazoo)	Material de oficina e taboleiros de cortiza subministrados en setembro
9	27/03/2015	417,45	Inteaga Enxeñería, S.C.	Servizo de coordinación da seguridade e saúde da obra Ampliación da rede de abastecemento Vedra-Xián
24	02/06/2015	396,88	Inteaga Enxeñería, S.C.	Servizo de coordinación da seguridade e saúde da obra Cambio de cuberta do centro sociocultural de Vedra
15/9	30/09/2015	1.685,14	Freiría Suárez José María	Servizos de limpeza do centro de saúde e das escolas unitarias prestados no mes de setembro
V 09-2015 165	30/09/2015	6.172,30	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal durante o mes de setembro
014/15	01/10/2015	3.250,01	Villasenín Iglesias Ruben	Servizo de monitor no marco do programa <i>Conxuga</i> mes setembro
871/15	29/09/2015	586,73	Gráfica de Asturias S.L.	Tarxetas de visita dos órganos de goberno municipais e material de oficina subministrados en setembro
A-325	30/09/2015	242,00	Servides-J.C. Barreiro García	Servizo de desratización, desinfección e desinsectación realizado no CPI de Vedra en setembro
1510C0106679	01/10/2015	171,95	Securitas Direct España, S.A.	Cota de mantemento da alarma da biblioteca municipal período 4T/2015
1510C0182147	01/10/2015	237,95	Securitas Direct España, S.A.	Cota de mantemento da alarma da casa consistorial período 4T/2015
1510C0185318	01/10/2015	168,76	Securitas Direct España, S.A.	Cota de mantemento da alarma da casa da Terceira Idade período 4T/2015
Recibo mensual	01/10/2015	54,50	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a <i>Movistar+</i> para a casa da Terceira Idade correspondente ao mes de outubro
840554982	24/09/2015	288,90	Ricoh España, SLU	Fotocopias realizadas nas máquinas de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais período 01/06/2015-31/08/2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



9	30/09/2015	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Servizos de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes setembro
105007	30/09/2015	175,33	Hierros Diego, S.L.	Materiais subministrados en setembro para obras no local social de Trobe e na gardería municipal
35 6963	01/10/2015	547,80	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da gardería municipal subministrado o 01/10/2015
FE1532118183 2192	28/08/2015	1.112,58	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á piscina municipal período 24/06/2015 - 21/08/2015
15-1373	30/09/2015	70,00	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado o 15/09/2015 na estación de servizo de Ponte Ulla
15-1382	30/09/2015	1.317,73	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado no mes de setembro
15-1383	30/09/2015	59,10	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a brigada verde subministrada no mes de setembro
15-1384	30/09/2015	6,01	Puente Ulla S.L.	Gasolina e outros produtos servidos o 04/09/2015 para traballos de mantemento do CEIP de Ortigueira-Santa Cruz
641-15	23/09/2015	484,00	Nova Escola Galega	Inserción publicitaria do concello de Vedra na <i>Revista Galega de Educación</i> (núm. 60)
1500300	30/09/2015	45,00	Copistaria Copistrada, S.L.	Traballos realizados en setembro para o programa de promoción turística <i>Vedra de Tapas 2015</i> (Subv. pola Deputación)
15/17	30/09/2015	169,40	Herraiz Cabanas Rosa	Traballos de deseño gráfico para o programa de promoción turística <i>Vedra de Tapas 2015</i> (Subv. pola Deputación)
2015/2508	30/09/2015	9.175,18	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos mes setembro 2015
2015799	01/10/2015	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública municipal mes setembro
150000443	30/09/2015	105,37	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados en setembro para arranxos no centro de saúde, na escola de San Xián e na gardería municipal
150000442	30/09/2015	1.049,18	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados en setembro para a obra patio cuberto da gardería e o mantemento do CPI de Vedra e outros locais
1F 1079	05/10/2015	30,00	Iglesias Garea Salvador (@quí - centro dixital)	Dous selos subministrados para realización do programa de promoción turística <i>Vedra de Tapas 2015</i>
I15/4060	22/09/2015	94,38	Com. Extintores Galicia, SL	Resolución das non conformidades tras a revisión das bocas de incendio equipadas no CPI de Vedra feita en agosto
I15/4063	22/09/2015	142,78	Com. Extintores	Revisión do grupo de presión do



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			Galicia, SL	sistema contra incendios do CPI de Vedra realizada en setembro
I15/4059	22/09/2015	705,43	Com. Extintores Galicia, SL	Instalación de compoñentes do sistema de loita contra incendios da gardería e revisión do mesmo realizada en setembro
2015/795 Z6	30/09/2015	10,91	Pérez Fernández Manuel - Registro Propiedad 1 Santiago	Notas simples ref. U04TT49P para o departamento de urbanismo expedidas o día 04/09/2015
509/2	30/09/2015	72,60	Alquimao S.L.	Servizo de valos de obra durante 3 días en setembro
1501053130	01/10/2015	221,55	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz correspondente ao mes de outubro
045500002015 FAC	01/10/2015	12.108,97	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio para a dependencia mes setembro (horas normais e festivas)
045500002115 FAC	01/10/2015	3.776,91	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio mes setembro (horas de libre concorrencia)
045500002215 FAC	01/10/2015	582,68	Clece, S.A.	Prestación do servizo de apoio e asesoramento do SAD de xestión municipal durante o mes de setembro
Ticket 084059418	28/09/2015	56,70	Vego Supermercados, SAU	Produtos alimenticios para o servizo municipal de madrugadores adquiridos en setembro
Ticket 009026648	08/10/2015	37,39	Mercamella, S.L.	Produtos alimenticios e materiais para o servizo municipal de madrugadores mercados en outubro
66/15	17/07/2015	520,81	Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automovil)	Revisión e ITV do vehículo Nissan Patrol C6247BF da brigada de obras realizadas en xullo
72/15	26/08/2015	89,99	Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automovil)	Revisión e itv do vehículo furgoneta C15 da brigada verde realizadas en agosto
73/15	26/08/2015	80,43	Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automovil)	Revisión e ITV do vehículo Nissan Patrol 2445BLH de Protección Civil realizadas en agosto
90/15	30/09/2015	89,99	Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automovil)	Revisión e ITV do vehículo Nissan Vanette C6142BS da brigada verde realizadas en setembro
H15/3443	10/08/2015	185,13	Com. Extintores Galicia, SL	Revisión integral anual do sistema de bocas de incendio equipadas do CPI de Vedra realizada en agosto
Emit- 1	08/10/2015	6.241,48	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Servizo de xestión de actividades e mantemento do polideportivo municipal de Vedra mes setembro
15-00911	30/09/2015	643,50	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de colectores de residuos (plástico, escombros e pneumáticos) prestado no punto limpo no mes de setembro
1CSN15090023 3599	10/09/2015	279,62	Cide Hcenergia, S.A.	Subministro á iluminación pública de Caldelas período 27/06/2015 - 27/08/2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



0585/E15	01/10/2015	2.359,89	Talleres San Fins S.L.	Reparacións das rozadoras lateral e avanzada durante o mes de setembro
2015/089	06/10/2015	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de outubro (núm. 193)
2015/092	06/10/2015	360,58	Xestedec Comunicación	Impresión de folletos e adhesivos para o programa de promoción turística <i>Vedra de Tapas 2015</i>
7432624/75668 98/7566904	06/10/2015	82,79	Acredores diversos	Facturas de Amazon España por libros para a realización do curso de inglés 2015-2016
FE1532118216 2285	03/09/2015	286,58	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol período 31/07/2015 - 28/08/2015 (CUPS ES0022000007480452RB1P)
FE1532118216 2286	03/09/2015	198,19	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol período 31/07/2015 - 28/08/2015 (CUPS ES0022000004975461QL1P)
FE1532118216 2287	03/09/2015	307,61	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Ponte Ulla período 31/07/2015 - 27/08/2015
FE1532118216 2282	03/09/2015	111,24	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Fufín período 31/07/2015 - 27/08/2015
FE1532118216 2283	03/09/2015	428,23	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CPI de Vedra período 31/07/2015 - 27/08/2015
FE1532118216 2284	03/09/2015	35,48	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Paradela período 31/07/2015 - 25/08/2015
FE1532118216 2280	03/09/2015	434,49	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Dozar período 31/07/2015 - 27/08/2015
FE1532118216 2281	03/09/2015	475,58	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á depuradora de Calzande período 31/07/2015 - 25/08/2015
FE1532118210 8749	02/09/2015	132,50	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á gardería municipal período 30/07/2015 - 29/08/2015
FE1532118210 8750	02/09/2015	109,12	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CEIP de Santa Cruz período 30/06/2015 - 24/08/2015
091//15	30/09/2015	96,56	Reparaciones Sinde , S.L.	Repuestos e reparación da máquina de lavar a presión realizada en xullo
19608	07/10/2015	330,00	Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.	Servizo de recollida de aceites domésticos urbanos usados período do 24/05/2015 ao 24/09/2015
35 7087	08/10/2015	980,10	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B (bonificado) para os tractores municipais servido na nave de Trobe o 08/10/2015
277-17/15 F	05/10/2015	1.543,96	Viaqua Gestion Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Traballos de baleirado das foxas sépticas da gardería e do CPI de Vedra realizados no mes de agosto
I15 1028	30/09/2015	121,00	La Voz de Galicia, S.A.	Concerto de publicidade do Concello na Voz de Galicia dixital (<i>lavozdegalicia.es</i>) mes setembro
FE1532118367 5210	22/09/2015	330,17	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á casa consistorial período 31/07/2015 - 27/08/2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



93460125	13/10/2015	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de aluguer da fotocopidora da planta baixa mes outubro
A10000014848 6-1015	01/10/2015	1.229,79	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período do 01/09/2015 ao 30/09/2015
121	30/09/2015	84,18	García García, S.C.	Luvas e zocas para o persoal do servizo de axuda no fogar subministrados no 3T/2015
123	30/09/2015	57,18	García García, S.C.	Vestuario para protección civil e materiais para o punto limpo subministrados no 3T/2015
124	30/09/2015	36,89	García García, S.C.	Lámpadas, cebadores e outros materiais para mantemento de locais municipais subministrados no 3T/2015
119	30/09/2015	159,40	García García, S.C.	Produtos e materiais para actividades culturais, deportivas e de turismo subministrados no 3T/2015
120	30/09/2015	405,37	García García, S.C.	Produtos de limpeza para locais municipais (ludoteca, CEIP, biblioteca, antigo xulgado...) subministrados no 3T/2015
122	30/09/2015	140,82	García García, S.C.	Materiais e produtos subministrados para o punto limpo e para o programa de voluntariado no 3T/2015
15/000183	30/09/2015	106,72	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en setembro para a obra da zona de xogos da gardería municipal realizada pola brigada
15/000182	30/09/2015	104,75	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para mantemento das vías públicas e do campo de fútbol de Santa Cruz subministrados en setembro
15/000181	30/09/2015	348,73	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en setembro para mantemento das escolas de San Xián e San Fins e no CPI de Vedra
15/000180	30/09/2015	37,21	M.C. Mapoca, S.L.	Ferramentas e útiles subministrados en setembro para protección civil e brigada verde
355	28/09/2015	1.167,65	Vicente Carballo Alfonso	Reparación de instalación eléctrica no campo da festa de Vedra realizada en setembro
Recibo 114645197	12/10/2015	182,55	Allianz Seguros y Rea.,SA	Seguro contratado para o museo Paz Camps do 20/09/2015 ao 25/08/2016 (póliza 037662093/00000)
Recibo 114645288	12/10/2015	1.672,74	Allianz Seguros y Rea.,SA	Seguro contratado para o centro de saúde e as escolas unitarias do 08/10/2015 ao 25/08/2016 (póliza 037662093/00000)
Liquidación	15/10/2015	355,30	Ascariz Sánchez Cristina	Dietas e desprazamentos pola participación durante o verán nas actividades do programa municipal de voluntariado xuvenil 2015
Liquidación	15/10/2015	355,30	Valcarcel González Lucia	Dietas e desprazamentos pola participación durante o verán nas actividades do programa municipal de voluntariado xuvenil 2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



356//15	30/09/2015	813,65	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Repastos subministrados e reparacións das rozadoras da brigada verde realizadas nos meses de xullo, agosto e setembro
Liquidación		122,03	Membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra	Indemnización pola reunión mantida o día 14/10/2015, para a tramitación do procedemento apertura de ofertas presentadas para a contratación da obra <i>Ampliación da rede de abastecemento de auga en Matelo</i> (financiada con cargo ao convenio de cooperación asinado coa Xunta de Galicia)
Liquidación		46,50	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes setembro
Liquidación		63,00	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes setembro
Liquidación		118,00	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes setembro
Liquidación		81,00	Iglesias Parada Carmen	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes setembro
Liquidación		56,75	Vilariño Rodríguez M ^a Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes setembro

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería - Ferretería El Sol, acorda aprobar as citadas facturas.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía do mes de setembro:

Nº Decreto	Data	Asunto
390	02/09/2015	Licenza posesión can de raza perigosa
391	02/09/2015	Licenza posesión can de raza perigosa
392	02/09/2015	Arquivo expediente de limpeza de finca en Gatente -Trobo propiedade de don Luciano Collazo González
393	02/09/2015	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de <i>Mellora da Pista Polideportiva de Santa Cruz de Ribadulla</i>
394	02/09/2015	Alta padrón municipal de habitantes de D. Diego Andrés Villalobos Bouzón
395	04/09/2015	Aprobación expediente de contratación obras de <i>Reparación da cuberta e instalación de ventilación no Pavillón Municipal de Vedra</i>
396	04/09/2015	Alta no padrón municipal de habitantes de D. Pablo Torres Ferrín e D ^a . M ^a del Carmen Rodríguez Ibañez
397	04/09/2015	Aprobación bases para a contratación de dous monitores para o servizo de ludoteca e madrugadores
398	04/09/2015	Incoando expediente limpeza de fincas en Reboredo -Ponte Ulla propiedade de Herdeiros de Sara Carreira, Hipólito Gómez e Matilde Cobas
399	07/09/2015	Alta padrón municipal de habitantes de D. José Mogo Mera
400	07/09/2015	Baixa na gardería da menor Julia Alvar Pozo
401	07/09/2015	Aprobación prego de cláusulas administrativas para a licitación da obra de <i>Reparación da cuberta e instalación de ventilación no Pavillón Municipal de</i>



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		Vedra
402	09/09/2015	Modificación intensidade SAF de D ^a . Dorinda A. Pérez Nieves
403	09/09/2015	Alta SAF de D ^a . Perfecta Estévez Sandá
404	09/09/2015	Alta padrón municipal de habitantes de D ^a . M ^a . Aranza Sanmartín e fillos
405	11/09/2015	Aprobación novos ingresos na gardería municipal curso 2015-2016
406	11/09/2015	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de D ^a . M ^a . Jesús Cabo
407	14/09/2015	Poñendo de manifesto expediente antes de proposta de resolución por invasión de vial en Quintáns -San Xián de Sales
408	14/09/2015	Concedendo prazo de tres meses para legalización de obras en Viño grande - Illobre
409	14/09/2015	Ampliación SAF de D ^a . Mercedes Canicoba Santos
410	15/09/2015	Alta no padrón municipal de habitantes de D. Adrián Senra Fernández
411	16/09/2015	Delegando celebración casamento no concelleiro D. José A. Pose Rodríguez
412	16/09/2015	Aprobación do orzamento para a execución da obra de Ampliación da rede de saneamento en Laraño -San Xián de Sales
413	17/09/2015	Cumprimento trienios de persoal municipal
414	17/09/2015	Alta padrón municipal de habitantes de familia Lorenzo Sebastiao
415	18/09/2015	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de D. Dimas Suárez Barros
416	18/09/2015	Ordenando requirir limpeza de fincas en Quintáns -San Xián de Sales
417	18/09/2015	Deixando sen efecto solicitude corte de árbores e requirir só a limpeza de maleza
418	23/09/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Iván Lence Riveiro
419	23/09/2015	Adxudicación obra de Reparación da cuberta e instalación de ventilación no Pavillón Municipal de Vedra
420	24/09/2015	Aprobación certificación única e factura de Intecner Oroso, S.L correspondente á obra de instalación de caldeira de biomasa na casa do Concello
421	24/09/2015	Aprobación certificación e factura de Intecner Oroso, S.L correspondente á obra de Mellora da pista polideportiva de Santa Cruz de Ribadulla
422	24/09/2015	Aprobación factura de Peycar para xustificación subvención outorgada a Protección Civil de Vedra
423	28/09/2015	Ordenando o pago de diversas facturas para xustificación de subvención para a instalación dunha caldeira de biomasa na Casa do Concello
424	28/09/2015	Baixa SAF (Modalidade Libre concorrencia) de D ^a . M ^a . Josefa Buján Otero
425	29/09/2015	Aprobando lista de admitidos/excluídos, nomeamento de tribunal, data, hora e lugar de celebración do exame e entrevista para a contratación de dous monitores para a ludoteca e servizo de madrugadores
426	29/09/2015	Aprobación gastos fondo social do persoal municipal (3º trimestre de 2015)
427	30/09/2015	Baixa SAF de D ^a . Benita Furelos García

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8º.- Outros asuntos.

8.1.- Aprobación padrón fiscal taxa de abastecemento de auga do 3º trimestre do ano.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 3º trimestre de 2015, remitido pola empresa concesionaria do servizo, Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, cuxo resumo é o seguinte:

Contribuíntes: 115.

M³ facturados: 3.682 m³.

Importe total: 4.068,54 euros.

Canon da auga: 1.227,13 euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

8.2.- Escrito núm. 1328/15 da Asociación Cultural San Campio.

Dáse conta do citado escrito no que don David Fernández Neira, en calidade de Presidente da Asociación Cultural San Campio expón que os vindeiros días 24 e 25 de outubro, celebrarase o Espazo Activo da Ulla, un proxecto de actividades socioculturais para a veciñanza do Concello de Vedra, solicitando a concesión dunha axuda económica.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de oitocentos (#800,00#) euros.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta minutos.